



HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXTGENERATIONEU

Segunda convocatoria de axudas para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación e rehabilitación de contornas saudables no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Next GenerationEU



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia



INTRODUCCIÓN

O proxecto de **Humanización rúa Romil** aborda a rexeneración do espazo urbano existente na confluencia entre as rúas Romil e Ourense xunto co cruzamento coa rúa Feliciano Rolán, potenciando a mobilidade peonil nunha contorna prominentemente escolar, e de servizos deportivos.

A contorna é de especial importancia ao contar con diversos usos que dan lugar a unha maior necesidade de intervención. En concreto, conta cun centro educativo de ensino primario chamado "C.P Doutor Fleming", máis de 600 alumnos, e unha instalación deportiva "Pavillón Deportivo Municipal Romil", cun elevado potencial para a atracción de poboación de todas as idades, aínda que fundamentalmente destínase ao desenvolvemento de actividades deportivas para nenos en idade escolar. Estas condicións fan que este proxecto sexa prioritario para mellorar a accesibilidade peonil na contorna e establecer así un novo **corredor peonil escolar**.

A contorna do ámbito de actuación conta con 12.053 habitantes dos que máis do 15% son nenos en idade escolar e máis do 28% persoas maiores de 65 anos. Ademais, debido á súa orografía, o barrio presenta fortes pendentes que condicionaron o seu crecemento, resultando nun espazo público conformado por rúas estreitas e de difícil acceso.

SITUACIÓN PREVIA

O ámbito do proxecto caracterizábase por ser unha área deteriorada a nivel espacial, debido ao crecemento que propiciou unha alta concentración de poboación da zona co aumento de servizos públicos educativos e deportivos.

O deseño do espazo público da rúa Romil **non respondía as necesidades das persoas**, as superficies da propia rúa eran irregulares e dificultaban a accesibilidade do espazo público. A vía presentaba unha escaseza manifesta de espazos estanciales, así como dun mobiliario urbano adecuado que promovese a socialización, e unha ausencia total de zonas verdes, axardinadas e arboledo.

OBXECTIVOS DO PROXECTO

Xeral

O proxecto busca o obxectivo xeral de consolidar un novo itinerario peonil na contorna da rúa Romil, dando continuidade estrutural ás actuacións do proxecto **VIGO VERTICAL** da súa contorna. Así, o proxecto consolida un novo espazo de convivencia urbana 100% accesible mediante a eliminación de obstáculos, incorporando zonas estanciales agradables con novo mobiliario urbano, mellorando a iluminación con elementos máis sostibles e eficientes, xerando no seu conxunto un aspecto amigable, inclusivo e respectuoso co desenvolvemento sostible.

Específicos

- Permitir incorporar a actividade física a accións específicas da vida cotiá a través da consolidación dun **itinerario peonil nunha contorna escolar**.

O acceso a servizos básicos necesarios para a vida urbana xunto coa creación de espazos para a socialización como zonas de estancia, superficies de sombra, etc. contribúe á revitalización da cidade existente (obxectivo estratéxico 2 da Axenda Urbana de Vigo) e favorece a mobilidade sostible para desprazamentos urbanos (obxectivo estratéxico 5 da Axenda Urbana de Vigo)

- Contribuír a **reducir os desprazamentos en vehículo motorizados privados** fomentando tanto a mobilidade peonil activa como a redución do uso de enerxías fósiles.

Búscase priorizar ao peón sobre o tráfico rodado a través da mellora da accesibilidade dos itinerarios peonís mediante a eliminación de obstáculos, o que permitirá reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), favorecendo a mobilidade sostible (obxectivo estratéxico 5 da Axenda Urbana de Vigo). Ao dar maior protagonismo ao desprazamento a pé e en bicicleta, espérase que esta actuación contribúa a alcanzar os obxectivos expostos no Plan de Mobilidade Urbana Sostible de Vigo para o ano 2030, que incluía un **aumento do 30% nas viaxes a pé e en bicicleta** en comparación cos valores de 2019.



ALINEACIÓN DO PROXECTO CON OUTRAS LIÑAS DE ACTUACIÓN

- Aliñación da intervención cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da ONU



ODS 3: "Saúde e benestar"



ODS 11: "Cidades e Comunidades Sostibles"

- Aliñación da intervención coa Axenda Urbana de Vigo (AUV)



Obxectivo estratéxico 2 (OE2): Evitar a dispersión urbana e revitalizar a cidade existente



Obxectivo estratéxico 5 (OE5): Favorecer a proximidade e a mobilidade sostible

- Aliñación da intervención coa Estratexia de Humanizacións en Barrios do Concello de Vigo

- Aliñación da intervención coa estratexia EDUSI Vigo Vertical



Importe Licitación €	1.229.999,99
Importe Execución final da obra €	1.141.764,05
Importe axuda concedida €	700.000
M2 ámbito da obra	4.700
M2 incremento de beirarrúas	90% de incremento (1.800 m2 de beirarrúas tras a obra)
Luminarias LED instaladas	42
Ampliación zonas verdes	45 m2 de zonas verdes, 10 xardineiras e 40 árbores
Novo mobiliario urbano	7 bancos e 8 papeleiras